
NUMAX NA ESCOLA

**CATÁLOGO DE FILMES
DIDÁCTICOS
2018/2019**



**EDUCACIÓN
INFANTIL
E PRIMARIA**

NUMAX na Escola comeza o curso cunha importante ampliación do seu catálogo para alumnado de educación infantil e primaria. Unha proposta perfecta para aprender e divertirse co mellor cinema en pantalla grande. Comezamos!




NEVE E AS ÁRBORES MÁXICAS

VV.AA., 50 min, VE

Catro pequenas historias protagonizadas por un neno preguiceiro (*Tigres en fila india*), unha nena e a súa tea máxica (*O pequeno brote*), unha árbore que bota a andar (*One, Two, Three*) e unha excursión interrompida por unha tormenta de Neve.

✚ Amizade /
Diversidade cultural /
Convivencia coa natureza




MENUDOS HEROES

VV.AA., 60 min, VE

Sete relatos protagonizados por heroes cuxa principal virtude reside en **superar** con inxenio **os retos do día a día**: Un paxariño con medo a voar, un cervo que quere acadar as tres dimensións, un elefante que quere montar en bici, etc.

✚ Traballo en equipo /
A diferenza como riqueza /
Superación dos temores do cotián




A SOPA DE PEDRAS E OUTROS CONTOS DO REVÉS

VV.AA., 40 min, VE

Unha ollada alternativa aos contos tradicionais: un neno que non dorme e se pon a contar ovellas, a aventura de vestirse pola mañá ou os ingredientes da célebre sopa de pedras serán algúns dos enigmas da sesión.

✚ Orixinalidade /
Desenvolvemento da creatividade




ANIMALADAS DE CINE

VV.AA., 40 min, VE

Delirante adaptación das fábulas populares, como *O corvo* e *o raposo*, levadas á gran pantalla con sentido do humor e enxeño.

✚ Actualización das fábulas clásicas



AS AVENTURAS DA TOUPIÑA

Zdenek Miller, 40 min, VE

A toupa Krtek é todo un mito na reputada escola checa de animación. A súa curiosidade e picardía levarannos a vivir un senfín de aventuras que fará as delicias dos máis pequenos.

✚ Diversión /
Ecoloxismo /
Respecto cara á diferenza



O MALVADO RAPOSO FERROZ

Benjamin Renner & Patrick Imbert,
79 min, francés, VOSE

Os creadores de *Ernest & Celestine* (2012) volven deslumbrar cunha delicada obra de animación ambientada nunha granxa rica en cuestionamento de roles.

👉 Mellor filme de animación do ano en Francia/
Interpretación alternativa do relato clásico



O TEITO DO MUNDO

Rémi Chayé, 81 min, francés, VOSE

Sasha, una moza da aristocracia rusa, está fascinada coa vida aventureira do seu avó e decide partir na busca do seu famoso rompexeos, o Davai.

👉 Cinema de aventuras /
O amor como motor narrativo /
Descuberta e investigación



A REBELIÓN DOS CONTOS

VV.AA., 58 min, VE

Adaptación moderna e politicamente incorrecta do *best-seller* de **Roald Dahl**, *Revolting Rhymes*, levado á sala de cinema polos produtores de *Grúfalo* ou *O Nadal do home rama*. Nomeado aos Oscar 2018.


👉 Recepción crítica dos textos literarios



O GRAN CARA DE PAU

Xunto a Chaplin, o outro gran xenio da comedia muda chámase **Buster Keaton**, o home que nunca ría mais era quen de crear as aventuras máis imaxinativas e disparatadas. O seu humor físico, as acrobacias e a súa pericia para as trucaxes non podían faltar no catálogo de NUMAX na Escola en filmes como *O moderno Sherlock Holmes* (45 min), *O maquinista da Xeral* (74 min) ou *O navegante* (59 min) entre outros.

👉 Consulta o **catálogo completo** aos responsábeis do programa.



O NENO E O MUNDO

Alê Abreu, 80 min, Sen diálogos

Un raparigo vive no rural brasileiro até que un día seu pai marcha traballar á cidade. O neno emprende en solitario unha apaixonante viaxe na súa busca. **Obra mestra** da animación máis recente.

👉 Ecoloxismo /
Drama migratorio



DE CHARLOT A CHAPLIN

A xenial figura de Charlot, co seu eterno caxato e bombín, converteuse desde moi cedo na maior celebridade do planeta. Un século despois, a súa figura como **bondadoso vagabundo** diante da cámara e como **maxistral cineasta** detrás dela, supón a mellor vía de entrada cara ao cinema con maiúsculas. No catálogo de NUMAX na Escola temos dispoñíbeis **todas as súas longametraxes** e varias das súas **curtas máis divertidas e emocionantes**, que poden combinarse a vontade para cada sesión.

Longametraxes recomendadas para infantil e primaria:

A quimera do ouro (1925, 95 min)

As desventuras dun desafortunado buscador de ouro dan lugar a unha das comedias máis poéticas e divertidas de todos os tempos.

O rapaz (1921, 68 min):

En plena depresión económica Charlot acolle un rapaz orfo con quen entabla unha entrañábel relación que inclúe non poucas trasnadas.

Tempos modernos (1936, 89 min):

Memorábel sátira da deshumanización do traballo en cadea. Obra mestra da comedia con mensaxe social.

Curtametraxes dispoñíbeis:

Armas ao ombreiro (46 min)

Vida de can (40 min)

O peregrino (47 min)

Un día de xoldra (25 min)

Ao sol (40 min)

Vacacións (32 min)

Día de paga (26 min)



A VIDA DE CABACIÑO

Claude Barras, 66 min, francés, VOSE

O filme de animación máis premiado dos últimos tempos conta a historia de Cabaciño, un neno de 9 anos que, tras quedar orfo, entra nun fogar de acollida. Malia a difícil adaptación, fará grandes amigos.

👉 Comprender e confiar no outro /
Superación do maltrato e a perda a través do amor e a amizade.



AVES DE PASO

Olivier Ringer, 84 min, francés, VOSE

Cathy recibe un singular agasallo: un ovo fecundado do que nace un parruliño. Na compañía da súa amiga Margaux, que vai en **cadeira de rodas**, emprenderán unha odisea na defensa do animal, ante a indiferenza dos adultos que as rodean.

👉 Discapacidade /
Superación dos límites /
Autonomía da infancia e a adolescencia



AS VACACIÓNS DE MONSIEUR HULOT

Jacques Tati, 88 min, 1953, francés, VOSG

Nun balneario da costa francesa os veraneantes non son quen de desprenderse das súas rutinas urbanas, até que un día chega Monsieur Hulot ao volante da súa vella carraca e racha coa calma estival.

👉 O verán como espazo de liberdade e creatividade fronte á rutina




O PRINCIPIÑO

Mark Osborne, 2015, 106 min,
francés/inglés, VOSG

Fantástica aproximación ao clásico de Saint-Exupéry. Unha obra visualmente asombrosa que mestura con mestría animación 3D e a artesanal técnica do stop-motion.

✚ Espírito de superación
e autoconecemento /
Posta en valor das pequenas cousas




PHANTOM BOY

Alain Gagnol, Jean-Loup Felicioli,
84 min, francés, VOSG

Leo é un adolescente enfermo interno nun hospital e ten un superpoder: saír do seu corpo e viaxar pola cidade de noite en busca do crime.

✚ Superación da enfermidade /
Mestura de xéneros clásicos /
Cinema negro e cómic de superheroes.



MARY E A FLOR DA BRUXA

Hiromasa Yonebayashi,
103 min, xaponés, VOSE

Mary vive no campo coa súa avoa. Un día segue un misterioso gato até o bosque onde descobre unha vella vasoira e unha estraña flor que a levarán a unha misteriosa escola de maxia.

✚ Última obra mestra do anime /
A imaxinación como principio creativo

FUNCIONAMENTO DA ACTIVIDADE:

- 📖 **Antes da sesión** farase entrega ao profesorado de **materiais didácticos** (unidades didácticas, actividades, making off, trailers, etc.) que faciliten o traballo na aula antes e despois da sesión.
- 🔊 O día da sesión **habrá unha presentación en sala** do filme a cargo de persoal especializado de NUMAX.
- 🕒 **Horario:** De **luns a venres** en sesión matinal, preferentemente de **10:00 a 12:00** horas
- 👤 **Aforo:** Grupos dun mínimo de **50 alumnos/as** e un máximo de 70.
- 💰 **Prezo:** **4€ por alumno/a**, a tarifa mínima do Cinema NUMAX.

CONTACTO

- ✉ escola@numax.org
- ☎ 981 560 250
(Xan Gómez Viñas)